



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O acordo da Xunta de Goberno que se adopte para a ampliación dos prazos de extinción dos planos de estudo, podería ser consonte a seguinte proposta:

O Real Decreto 1497/87 modificado polo 1267/94 establecía en catro convocatorias o longo de dous cursos académicos o período para remata-los estudos iniciados polos planos previos á reforma cando estes principiaron o proceso de extinción por implantación dos novos planos de estudo.

A experiencia dos procesos de implantación e extinción dos planos de estudo aconsellaron no seu momento a posibilidade, por vía de excepción, de ampliar nun ano máis e dúas convocatorias, os procesos de extinción.

Considérase conveniente que esta excepcionalidade sexa extendida a tódolos planos de estudo, para o que o Consello de Universidades evacuou xa un informe favorable para que o Goberno publique o pertinente Real Decreto.

Sendo necesario adopta-las medidas de xestión e información necesarias coa debida antelación, e sendo vontade desta Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o ampliar a tódolos planos de estudo en extinción un curso máis e dúas convocatorias, na súa sesión do                      acadou o seguinte acordo:

1º.- A extinción dos planos de estudo por implantación dun novo plano, realizarase curso por curso.

2º.- Unha vez extinguido cada curso, efectuaranse seis convocatorias de exame nos tres cursos académicos seguintes.

Os alumnos poderán concorrer a estas convocatorias sempre e cando non esgotaran as convocatorias que a Universidade de Santiago de Compostela reconece para supera-las materias. No suposto de que esgotasen as convocatorias, o alumno, se desexa continuar estudos, deberá adaptarse obrigatoriamente ó novo plano de estudos.

3º.- Nos procesos de extinción teranse en conta as previsións deste acordo a excepción dos cursos que se extinguiran definitivamente.



4º.- Os cursos afectados polo acordo da Xunta de Goberno do 3 de xullo de 1995, ó ter concedidas dúas convocatorias máis no curso 1995-96, non se verán afectados polo presente acordo.

**DILIXENCIA:** Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 22 de abril de 1996, **acordou** aproba-la presente "**AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DE EXTINCIÓN DOS PLANOS DE ESTUDIO**". Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 2 de mayo de 1996

Vº e Pr.  
O RECTOR,

O SECRETARIO XERAL,



F. Darío Villanueva Prieto



Gumersindo Guinarte Cabada